



## EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 18 de febreiro de 2019

Sras./Sres. Asistentes:

### **ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

#### Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

#### Lista de no Asistentes

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

### **SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

### **INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 18 de febreiro de 2019 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 11/02/2019, que se aprobou por unanimidade.

### **Propuestas**

#### **ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

##### **PRP2019/865**

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 18 de febreiro de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 18 de febreiro de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

##### **a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:**

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE
ASOC. CUL. FOLC. UNION PIÑEIRA DE GUILLAN	G94007911	225,00 €	18/02/2019	SÍ
ASOC. CUL. LUMARADA	G94150414	225,00 €	18/02/2019	SÍ
ASOC. CULT. CORAL S. PEDRO CORNAZO	G94108933	225,00 €	18/02/2019	SÍ
BAÑOS PRINT, S.L.	B36252872	713,90 €	18/02/2019	SÍ
CANTAREIRAS BULIDEIRAS DE	G94093598	225,00 €	18/02/2019	SÍ



**FONTECARMOA**

CORAL ALENTO XOVEN	G36428985	225,00 €	18/02/2019	SÍ
CORTIZO NIETO JOSE ANTONIO	33149407J	5.000,00 €	18/02/2019	SÍ
CRESPO GOMEZ CARLOS	15373039T	2.662,00 €	18/02/2019	SÍ
CUEVAS, S.L.	B36027597	907,50 €	18/02/2019	SÍ
DALLE QUE DALLE, S.C.G.	F94096021	18.029,00 €	18/02/2019	SÍ
EQUIPAMENTOS OBREIRO, S.L.	B15869092	3.248,00 €	18/02/2019	SÍ
IBERICAR GESTOSO, S.L.	B36193597	9.900,00 €	18/02/2019	SÍ
IBUPROFENO TEATRO, S.L.	B94155389	786,50 €	18/02/2019	SÍ
MUTUA SEGUROS A PRIMA FIJA	V28865855	726,28 €	18/02/2019	SÍ
PINTOS SILVA, JUAN JOSE	35316612C	121,00 €	18/02/2019	SÍ
POGHOSYAN GHARIBYAN, TIGRAN	49206973Z	665,50 €	18/02/2019	SÍ
VISUAL GRAPHICS IMAGEN Y PUBLICIDAD, S.L.	B36892016	175,29 €	18/02/2019	SÍ

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2019/678**

Dáse conta de proposta da Alcaldía en relación coa cancelación de débeda de Dona María Teresa Barral Crespo con Naturgy Iberia, correspondente ao kiosco situado na Rúa Arcebispo Lago e cuxa concesión foi recuperada polo Concello por un período de catro anos, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de maio de 2016., acordando así mesmo a exención durante o citado período de aboamento do canon, así como dos impostos, taxas e gastos que se deriven do citado quiosco.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- A aprobación das facturas de electricidade a favor de Naturgy Iberia seguintes:

<b>Nº factura/recibo</b>	<b>Período consumo</b>	<b>Importe factura</b>
FE16137002207973	28 de abril a 4 de xullo 2016	37,40 €
FE16137005481393	4 de xullo a 29 de agosto 2016	31,16 €
FE16137009245914	29 de agosto a 27 de outubro 2016	33,34 €
FE17137000157921	27 de outubro a 29 novembro 2016	36,29 €
FS17137000326171	1 de abril 2014 a 1 de xaneiro 2017	0,24 €
TOTAL:		138,43 €

- O recoñecemento de obriga a favor de Doan María Teresa Barral Crespo polo citado importe de 138,43 €, con cargo á partida 929.22699.

**PRP2019/776**

Dáse conta de informe da Policía Local dando conta dos controis de velocidade realizados durante o mes de xaneiro: Fixéronse dezaseis controis nos que se controlou a velocidade de 2309 vehículos e foron denunciados 257 condutores por exceder as velocidades máximas establecidas.

A vía con maior porcentaxe de infraccións en relación cos vehículos controlados foi Valle Inclán e as velocidades máis altas rexistráronse en Vilar – Bamio.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2019/777**

Dáse conta dos escritos presentados por **D. Vicente Javier Rodríguez Calvo** solicitando copia das notificacións enviadas en relación con expediente sancionador de tráfico.



Dáse conta de informe da Policía Local (Negociado de Sancións) no que se indica que o Sr. Rodríguez Calvo non aparece como denunciado por infracción de tráfico na base de datos, se ben ten formulados diversos escritos, enténdese que na representación de quen dixo ser fillo, D. Vicente Rodríguez Carou, que si consta denunciado en expediente 0002/2011/0006566, procedente do 002/2011/0001674, que se inicia por unha denuncia do 17/12/2010 por non respectar o condutor dun vehículo a luz vermella dun semáforo.

Ao non identificar ao condutor no actor, por ter coñecemento da infracción por medios de captación de imaxes, enviouse un requirimento ao titular do vehículo (SR. Rodríguez Carou) para que fixera a identificación do condutor, indicando expresamente a obriga do titular de identificar ao condutor responsable da infracción e que no caso de incumprir esta obriga, iniciárase expediente sancionador contra o titular do vehículo.

Ao non proceder á identificación do condutor no prazo previsto, o 22/09/2011 iniciouse o expediente 0002/2011/0006566 por non identificar ao mesmo, enviando a notificación de inicio do procedemento ao interesado, que foi entregada por correos o 26/09/2011, presentando alegacións o 18/10/2011 na que se manifestan diversas consideracións pero non se identifica ao condutor responsable da infracción, polo que o 25/01/2012 distouse resolución sancionadora, notificándose a mesma mediante correo o 07/02/2012, e interpoñéndose recurso de reposición o 13/03/2012, que é desestimado por silencio administrativo.

Unha vez remitido o expediente ao Servizo de Recadación do Oral da Deputación Provincial de Pontevedra e despois de recibir notificación de prema ao respecto o Sr. Rodríguez Calvo personouse na oficina de denuncias, facilitándosele nese momento as copias do expediente que solicitou.

Así mesmo presentou a través de Rexistro de Entrada escritos solicitando copias de notificacións enviadas e a través de correo electrónico solicitou tamén diversas copias, que lle foron enviadas.

Segue presentando escritos en diversos organismos a fin de que se lle facilite copia da notificación.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, do informe e acorda o traslado do mesmo ao solicitante, quedando acreditado as diversas notificacións practicadas en relación a este asunto.

#### **PRP2019/778**

Dáse conta do escrito presentado por D. José panadero, en representación de **APA Os Mecos** – Asociación de pais de persoas con autismo, solicitando autorización para realización dun mercado benéfico na Praza da Peixería os días 13, 14 e 15 de decembro (e dispor das instalacións a partir do día 10 de decembro).

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que



realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio.

#### **PRP2019/779**

Dáse conta de escrito da Policía Local do Concello de Vigo remitindo copia do parte de intervención e tarxeta de minusválidos nº 024, a nome de **Dona Mª Pilar Eiriz Rodríguez**, que lle foi retirada por uso fraudulento, co fin de que se adopten as medidas oportunas segundo a lexislación vixente.

Dáse Conta do informe da Policía Local, no que se indica que segundo o Art. 53.4 da Ordenanza Municipal de Circulación, o uso indebido da tarxeta, de maneira reiterada, será sancionado coa suspensión da mesma, de acordo co tamén disposto no art. 27.4 da Lei 8/97 do Parlamento de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á Sra. Eiriz Rodríguez que pode pasar a recoller a tarxeta pola oficina da Policía Local de Vilagarcía de Arousa en horario de 08:00 a 14:00 horas, de luns a venres, advertíndolle de que o uso indebido pode dar lugar á suspensión da mesma.

Dar conta á Policía Local do Concello de Vigo.

#### **PRP2019/780**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Olga Teresa Pantoja Vargas, en representación de **Asociación Hermandad Venezolana das Rías Baixas**, solicitando autorización para realizar unha convocatoria na Praza de Galicia o día 12 de febreiro de 2019, en horario de 17:00 a 21:00 horas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que as autorizacións para concentracións deberán ser solicitadas á Subdelegación do Goberno, tal e como informa a Policía Local.

#### **PRP2019/781**

Dáse conta do escrito presentado por D. Xoán Xosé Bouzas Aboi, en representación de Confederación Intersindical Galega e Dona Noemia Lado Lago, en representación de Sindicato Comarcal de Pensionistas de CCOO, solicitando autorización para levar a cabo unha recollida de sinaturas na Praza de Galicia, o día 12 de febreiro, en horario de 10:30 a 13:30 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/782**

Dáse conta de proposta do Servizo de Vías Públicas en relación coa substitución do vehículo adscrito ao citado servizo, con matrícula 3893-KGG, debido a que foi obxecto dun sinistro, tendo a súa reparación un prezo moi elevado.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Talleres Ibericar Gestoso SL** para o subministro dun vehículo modelo DACIA Dokker Base/Access 1.6 75 kW (100 cv)-18 branco glaciado, por un importe total de 9.900,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.214.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



#### **PRP2019/784**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas e con motivo da contratación de persoal polo Plan Concellos, Liña 3, financiado pola Deputación Provincial de Pontevedra, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Equipamentos Obreiro SL** para o subministro de roupa e material para protección no traballo, nun total de 31 persoas para diversos Servizos Municipais, por un importe total de 3.248,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 241.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/785**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de febreiro de 2019 en relación coa “Renovación e redeseño dos paneis da Ruta Histórica”, figurando no mesmo:

...)

2. A adxudicación dos traballos a **Forjarousa SL** (CIF B94149390) para os soportes, por valor de 5.263,50 € (IVE incluído), e a **Visual Graphics Imagen y Publicidad SL** (CIF B36892016) para os paneis, por importe de **834,70 €** (IVE e portes incluídos).

...)

E debendo figurar:

2. A adxudicación dos traballos a **Forjarousa SL** (CIF B94149390) para os soportes, por valor de 5.263,50 € (IVE incluído), e a **Visual Graphics Imagen y Publicidad SL** (CIF B36892016) para os paneis, por importe de **1.009,99 €** (IVE e portes incluídos).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

#### **PRP2019/786**

Dáse conta da sinatura de Convenio e de contrato de arrendamento para uso distinto de vivenda de fincas situadas en Rúa Santa Lucía e Rúa Luisa Vila Janer, con **D. José Cortizo Nieto** polo prazo de un ano contado, dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro, entendéndose prorrogado tacitamente ao rematar cada ano por outro período dun ano, salvo que calquera das partes avisara fehacemente cun mes de antelación da denegación da prórroga, en cuxo caso se extinguirá o arrendamento o 31 de decembro do citado ano, sen que haxa lugar a ningún tipo de indemnización, cun prezo de arrendamento anual de 5.000,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o gasto, coa seguinte desagregación, dende que ven sendo utilizado:

- Exercicios 2017 e 2018: con cargo a créditos recoñecidos (10.000 €) (Pendente de aprobación polo Pleno da Corporación).
- Exercicio 2019: con cargo ao orzamento vixente (5.000 €)

#### **PRP2019/787**

Dáse conta do oficio do Director Xeral de Mobilidade, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en relación co trámite de audiencia de proxectos de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada (Exptes. XG600 a XG743), no que pon de coñecemento o prazo máximo de quince días hábiles para a presentación de



alegacións e informes que se consideren oportunos, rematando o citado prazo o 28 de febreiro de 2019. (D.O.G. 1 de febreiro de 2019 Transporte público de viaxeiros).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda formular alegacións dentro do citado prazo.

#### **PRP2019/788**

Visto o informe do responsable de Sinalización e a proposta da Concellería de Seguridade Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda autorizar a previsión de gasto, por un importe de 15.000 €, con cargo á partida 132.22108 para a adquisición de material necesario para sinalización horizontal (pintura, brocas, rodillos, lixa, etc), co fin de optimizar os trámites e xestións administrativas e adiantar o pago aos provedores, facendo constar que os gastos que superen a cantidade de 600,00 € deberán de ser adxudicados de forma individualizada pola Xunta de Goberno Local.

#### **PRP2019/789**

Visto o informe do responsable de Sinalización e a proposta da Concellería de Seguridade Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda autorizar a previsión de gasto, por un importe de 8.000 €, con cargo á partida 132.22108 para a adquisición de material necesario para sinalización vertical (sinais, postes, parafusos, etc), e mellora da visibilidade (espellos, postes, parafusos, etc) co fin de optimizar os trámites e xestións administrativas e adiantar o pago aos provedores, facendo constar que os gastos que superen a cantidade de 600,00 € deberán de ser adxudicados de forma individualizada pola Xunta de Goberno Local.

#### **PRP2019/790**

Dáse conta de escrito da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, en relación con obrigas pendentes na concesión C0037, da que é titular o Concello, Explanada Tir (Auditorio e parque de Miguel Hernández), no que indican que se deberá presentar un Plan de emerxencia/medidas de emerxencia adecuado para a concesión, co fin de cumprir coa normativa vixente.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta ao Encargado do Servizo de Emerxencias a fin de que proceda a solicitar un orzamento a unha empresa especializada para a redacción actualizada con arreglo á normativa vixente do citado Plan de emerxencia.

#### **PRP2019/791**

Dáse conta de Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de declaración de Área de Rehabilitación Integral do Parque Nacional das Illas Atlánticas ao abeiro do artigo 9 Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, ao ámbito comprendido polo Parque Nacional, delimitado polos planos que achegan coa citada Resolución.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, da ARI promovida polo patronato do Parque Nacional de Illas Atlánticas.

#### **PRP2019/920**

En relación co acordo plenario de 27 de setembro de 2018, dáse conta do seguinte informe do Arquitecto Técnico Municipal:

**ASUNTO: INFORME USOS SUBSECTOR S.3.2 DO PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DO PORTO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.**



### **Antecedentes:**

- Acordo plenario de data 27/09/2018 polo que se aproba a moción para que se inicie o proxecto para creación dunha infraestrutura municipal que poida acoller as distintas escolas municipais para os deportes náuticos e a práctica dos mesmos e solicítase a cesión da antiga nave de ALFOGAR e a súa parcela á Autoridade Portuaria de Vilagarcía.
- Con data 24/10/2018 tivo entrada no Concello escrito remitido pola Autoridade Portuaria no que se indica a necesidade de promover unha revisión do seu Plan Especial que modifique a catalogación urbanística deste terreo para posibilitar o uso que o Concello quere dárle.

### **INFORME:**

O Plan Especial de Ordenación do Porto de Vilagarcía de Arousa aprobado polo Pleno do Concello o 27/04/2000 co fin de acadar a reordenación e separación das distintas actividades, comercial, deportivas, servizos, lúdicas, etc... delimitou o ámbito en sectores definindo o seu uso e características xerais.

O Sector 3 “Equipamento dotacional, zonas de esparcemento, porto deportivo e servizos”, defínese como área dotacional, dedicada á ubicación de edificios administrativos, pequenas instalacións comerciais, áreas lúdicas e de esparcemento, e en xeral todos os equipamentos complementarios ao porto deportivo, que son necesarios para o bo funcionamento.

Este sector atópase subdividido en catro subsectores: S.3.1, S.3.2, S.3.3 e S.3.4.

En canto ás condicións de usos, figuran establecidas de maneira conxunta para os subsectores S.3.2 e S.3.3, xa que as dos subsectores S.3.1 e S.3.4 están fixadas segundo o establecido no Convenio Urbanístico para o primeiro caso e de maneira expresa para o segundo.

Dentro dos usos autorizados tanto para o subsector S.3.2 como para o S.3.3 figuran os seguintes:

- Deportivo: Autorízanse instalacións deportivas compartindo edificios ou instalacións independentes, en edificación exclusiva ou ao descuberto.
- Náutico-deportivo: A edificación de apoio en terra necesaria para as actividades náutico-deportivas a ubicar na correspondente zona do Cavadelo, así como as dedicadas ao mantemento de embarcacións menores.

Consta no documento do Plan Especial, como anexo á memoria, cadro no que se establecen os usos comúns para os sectores S.3.1, S.3.2, S.3.3 e S.3.4, entre os que figuran o deportivo e Escola de Vela.

Visto o anterior, pódese concluír que na instalación que se menciona no acordo plenario, situada dentro do subsector S.3.2, o uso deportivo que se describe no devandito acordo é compatible coa relación vixente de usos establecida polo Plan Especial do Porto.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta á Autoridade Portuaria do citado informe, facéndose constar, que non é preciso a revisión do Plan Especial de Ordenación do Porto de Vilagarcía de Arousa para levar a cabo na antiga nave de Alfogar, así como na súa parcela, unha infraestrutura municipal destinada ás escolas municipais para os deportes náuticos e a práctica dos mesmos.

Así mesmo fáise constar que o Concello elaborará un proxecto técnico que se poñerá en coñecemento da Autoridade Portuaria coa finalidade de formalizar un convenio no que se recollan as determinacións aplicables a ambas partes, tanto da Autoridade Portuaria como outorgante, no seu caso, da cesión da antiga nave de Alfogar e a súa parcela, como do Concello en Calidade de beneficiario.

## **ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL**

### **Benestar Social**

**PRP2019/815**



Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o prazo de admisión de solicitudes de inscrición na Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. para o curso 2019-2020:

- Prazo de renovación dos nenos xa matriculados no Centro: do 1 ao 15 de marzo.
- Prazo de solicitudes de novo ingreso: do 18 de marzo ao 4 de abril.

#### **PRP2019/816**

Dáse conta da resolución da Dirección Xeral de Inclusión Social, da Consellería de Política Social, de transferencia finalista ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16, de marzo, pola que se regulan servizos sociais comunitarios e o seu financiamento nos seguintes concepto e contía. Escola Infantil Municipal, por importe de 72.000,00 €.

Total asignado. 72.000 €

Líquido a percibir (2º anticipo): 72.000 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/817**

Dáse conta de informe da Concellería de Benestar Social e Igualdade en relación á xustificación da subvención de capital para o financiamento das obras de *Instalacións de Protección contra incendios para actualización á normativa*, de acordo ao convenio establecido coa Asociación Con eles para o ano 2018, por un importe de 40.000 €, no que se fai constar que visto o informe do técnico municipal e a documentación xustificativa aportada pola entidade conclúese que a Asociación Con Eles cumpriu cos fins polo que foi concedida a subvención nominativa de capital para o ano 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **Emprego**

#### **PRP2019/798**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de xaneiro de 2019 de aprobación orzamento presentado por **Quirón Prevención SLU**, por un importe de 1.500 € (IVE exento) para a realización dun curso de Prevención de Riscos Laborais do Sector da Construción para a especialidade de Carpintería do Obradoiro de Emprego, figurando no mesmo....."con cargo á partida 2412.22199" e debendo figurar: ...."con cargo á partida **2412.22799**".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

#### **PRP2019/799**

Vista a proposta da Concellería de Emprego e o informe da Orientadora Laboral, a Xunta de Goberno local acorda solicitar subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó abeiro da Orde do 10 de xaneiro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades orientación laboral no exercicio 2019.

#### **PRP2019/800**

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, en relación coa subvención concedida para obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe de 30.000 €, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a convocatoria das bases de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas





participantes dos obradoiros duais de emprego, dirixido a empresas do ámbito da formación impartida polos obradoiros duais de emprego, así como a súa publicación no BOP.

Faise constar que en función das empresas ás que se lle concedan as axudas procederase á xeración do crédito correspondente.

#### **PRP2019/801**

Dáse conta de autorización da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xefatura Territorial de Pontevedra, de autorización para a contratación anticipada de 12 traballadores/as para a realización da obra ou servizo denominado “Servizo de Salvamento e socorrismo 2019”, co grupo de cotización 10.

Subvención solicitada: 54.000 € (12 traballadores/as – 3 meses a xornada completa)

Aportación Municipal: 2.855,16 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar a presentación da correspondente oferta no Servizo Público de Emprego, para a contratación de 12 socorristas, cunha xornada a tempo completo, durante tres meses, dende o 1 de xullo de 2019.

#### **PRP2019/802**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dalle que Dalle Sociedade Cooperativa Galega**, para levar a cabo o desenvolvemento do Proxecto de aceleradora de negocios emprende VGA 2019, por un importe total de 18.029,00 €, con cargo á partida 241.22799, para a promoción do emprendemento e a cultura emprendedora a través do apoio aos proxectos innovadores, tecnolóxicos e novedosos, promovidos por empresas na súa fase de desenvolvemento ou consolidación.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

#### **Educación**

#### **PRP2019/819**

Dáse conta de proposta do Director da Escola Municipal de Música para aprobar a revisión técnica ( afinación e regulación) de 5 pianos (1 de media cola e 4 pianos verticais) da Escola Municipal de Música, e visto o orzamento presentado por D **Tygran Poghosyan Gharibyan** por importe de 665,50 € (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a D **Tygran Poghosyan Gharibyan** a dos pianos da Escola Municipal de Música no mes de setembro de 2019, co obxectivo de manter os instrumentos nunhas condicións óptimas de uso para o comezo do curso académico 2019-20, polo importe citado de 665,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/820**

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Juan José Pintos Silva** para mantemento da páxina web da Escola Municipal de Música durante o ano 2019, por un importe de 121,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.22799.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/821**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Carlos Crespo Gómez (DITO & FEITO)**, para a realización dos Servizos de Deseño Gráfico e Comunicación do II Festival Internacional de Música Clasclas, a realizar dende o 1 de marzo de 2018 ata a entrega do dossier de prensa final do Festival, previsto para o mes de xullo de 2019, por un importe total de 2.662,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **Mercados**

##### **PRP2019/822**

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Beatriz Señorans Ferreiros**, solicitando autorización para a explotación dun posto de venda de polo fresco ao corte, mediante a concesión dun posto situado na ala Este, ocupando o 2º posto entrando á esquerda, na Praza de Abastos.

Dáse conta do informe do Servizo de Mercados no que se indica que o citado posto, no proxecto orixinal de reforma da praza de abastos, figuraba como “posto de conxelados”.

O artigo 8 do vixente Regulamento establece non seu último parágrafo que os postos que non se outorguen na poxa, poderanse arrendar ou concertar, só a aquelas persoas que reúnan condicións para seren concesionarias.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para a explotación do citado posto de forma provisional, polo prazo de 2 anos prorrogables por anualidades, debendo estar en posesión a Sra. Señorans Ferreirós de toda a documentación necesaria.

Faise constar que no caso de aprobarse definitivamente o novo Regulamento das Prazas de Abastos respectaranse os dereitos e obrigas adquiridos polos ocupantes dos postos, sen prexuízo de aplicación das restantes estipulacións que legalmente procedan.

##### **PRP2019/823**

Dáse conta do escrito presentado por **Dona María Angeles Rodríguez Iglesias** solicitando a baixa dos postos nº 99-101-103-105 da zona Alexandre Bóveda, do mercado semanal de Vilagarcía de Arousa.

Visto o informe do Servizo de Mercados e de conformidade co artigo 18.1 do Regulamento Municipal de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a baixa solicitada, procedendo á baixa no Padrón de Mercados con efectos de 31 de decembro de 2018.

#### **ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

##### **Normalización Lingüística**

##### **PRP2019/818**

Vista a proposta da Concellería de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **BAÑOS PRINT SL** para a impresión dunha tirada de 10.000 exemplares de marca páxinas con motivo da celebración o 24 de febreiro do Día de



Rosalía de Castro, por un importe total de 713,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22637.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **Turismo**

#### **PRP2019/715**

Vista a proposta da Concellería de Turismo, tendo en conta a petición formulada por D. Juan Carlos Porto Bouzas, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o gasto para a adquisición do documento “Obligación hipotecaria al portador de 2000 reales de la Sociedade Anónima del Ferrocarril Compostelano de la Infanta Doña Isabel de Santiago al Puerto de Carril. Domiciliada en Santiago y fechada en 1866...” a favor da web: [todocolección.net](http://todocolección.net)”, por un importe de 250,00 €, con cargo á partida 432.22199, para a súa exposición no Museo do Ferrocarril.

Acórdase así mesmo a provisión de fondos polo citado importe a favor da Concelleira Dona Luz M<sup>a</sup> Abalo Pérez.

## **ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE**

### **Consumo**

#### **PRP2019/824**

Dáse conta da reclamación formulada por **Unión Fenosa Distribución**, o día 19 de decembro de 2016, polos presuntos danos causados o día 02/06/2016 no tendido eléctrico da Avda. Agustín Romero polo camión guindastre do Concello, matrícula PO1813AU, que orixina unha sobretensión que ocasiona a queima de aparellos eléctricos aos seus clientes, por un importe de 6.553,77 €.

Dáse conta que con data 15/03/2017 se requiriu á reclamante, a fin de que procedese a desagregar o importe de 6.533,77 € individualizando o dano causado a cada un dos seus aboados prexudicados, non cumprimentándose o requirimento.

Coa data de 09/05/2018 se volveu a requirir para que procederan a desagregar o importe, advertíndolle que se non se facía efectivo o cumprimento de dito requirimento se produciría o arquivo das actuacións por caducidade.

Tendo en conta que por parte de **Unión Fenosa Distribución** non se realizaron as subsanacións requiridas, e transcorrido o prazo de tres meses dende a data do requirimento, a Xunta de Goberno Local acorda o arquivo da citada reclamación.

#### **PRP2019/825**

Dáse conta do recurso de reposición interposto por **Dona Esther González Martín** contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de novembro de 2018, que desestimaba a reclamación de danos formulada por presuntos danos sufridos como consecuencia dunha caída debido a unha arqueta que tiña a tapa afundida na Rúa Conde Vallellano.

Tendo en conta que o recurso de reposición presentado non aporta novos datos ao expediente tramitado no seu día, a Xunta de Goberno Local acorda desestimar o citado recurso de reposición e ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de novembro de 2018.

#### **PRP2019/826**



Dáse conta do recurso de reposición interposto por **Dona Mercedes Falcón Cordal** contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de novembro de 2018, que desestimaba a reclamación de danos formulada por presuntos danos sufridos como consecuencia dunha caída por unha baldosa rota e frouxa á altura do Bar Ravella.

Tendo en conta que o recurso de reposición presentado non aporta novos datos ao expediente tramitado no seu día, a Xunta de Goberno Local acorda desestimar o citado recurso de reposición e ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de novembro de 2018.

## **ASUNTOS DE CULTURA**

### **PRP2019/827**

Vista a solicitude de D. Ramón Bueno Piñeiro, en representación de **Plataforma Asemblea Democrática de Arousa Salnés** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario 2 do Auditorio Municipal o día 16 de febreiro de 2019 en horario de 17:00 a 21:00 horas, para a celebración dun encontro de participación e acción aberto á cidadanía de interese sobre a mobilización social e de clase, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Seminario 2: 4 horas a 10,20€/hora: 40,80 €.

Dar conta ao Departamento de Rendas

### **PRP2019/828**

Dáse conta do escrito presentado por D. Roberto Vidal Valtuille, en representación de **Club Xadrez Fontecarmoa**, solicitando autorización para utilizar diversas estancias do Auditorio Municipal (taller gardarroupa, Sala de Conferencias e Sala de Exposición, os días 11 e 12 de maio para a celebración do XVII Campionato Semirápidas Santa Rita..

Acórdase comunicarlle que non é posible conceder autorización para os días solicitados por coincidir as datas co desenvolvemento da campaña electoral e estar a citada instalación a disposición da Xunta Electoral de Zona para actos de campaña.

Dar traslado á FPSDM aos efectos oportunos.

### **PRP2019/829**

Vista a solicitude de Dona Ana María Granja Guillán, en representación de **Partido Popular de Vilagarcía de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 9 de marzo de 2019, en horario de 10:00 a 22:00 horas, para a celebración dun acto político do Partido Popular, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.



Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2019/830**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a actuación da Compañía **Ibuprofeno Teatro SL**, coa representación do espectáculo “O Furancho”, o día 30 de agosto, ás 21:00 horas no Salón García, por un importe de 786,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22609.

Será a cargo do Concello calquera tipo de taxa ou imposto que puidese corresponder por esta actuación. Será tamén a cargo do Concello o pago de cantos impostos, arbitrios, taxas, cotizacións, dereitos de autor, dereitos de interpretación, etc. se orixinen ou devenguen como consecuencias da celebración do espectáculo.

Este espectáculo será de carácter gratuito para todo o público, ata completar aforo.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación á realización do espectáculo.

#### **PRP2019/831**

Vista a solicitude de D. Juan Pablo del Río Cacheiro, en representación de **FREMAP Mutua Colaboradora da Seguridade Social** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario 2 do Auditorio Municipal o día 28 de maio de 2019 en horario de 10:00 a 14:00 horas, para a celebración dunha xornada de prevención de riscos laborais “Equipos a presión, condicións de seguridade e marco normativo”, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade. De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Seminario 2: 4 horas x 10,20 €/hora: 40,80 €.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

#### **PRP2019/832**

Vista a solicitude de Dona Dolores Ferreiro Castro, en representación de **Asociación Subida ao Monte do Pobo de Carril**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da romaría de San Roque en Carril, o vindeiro día 11 de agosto de 2019:

- Actuación do Orfeón Alento Xoven por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.



#### PRP2019/833

Vista a solicitude de Dona Mariola Rodríguez González, en representación do **IES Castro Alobre** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala Principal do Auditorio Municipal, os días 20 e 21 de xuño de 2019, para a celebración do acto de Fin de Curso dos/as alumnos/as do citado Centro, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### PRP2019/834

Vista a solicitude de D. Juan Tomás Cores Fernández, en representación da **Asociación Comisión de Festas San Pedro de Cornazo**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade da Festa de San Pedro en Cornazo, os días 28, 29 e 20 de xuño de 2019:

DIA ACTUACIÓN	NOME GRUPO	CIF	IMPORTE
30-06-2019	ASOCIACIÓN CULTURAL LUMARADA (Grupo de Gaitas e Baile)	G-94150414	225,00 €
29-06-2019	ASOC. CULTURAL FOLCLÓRICA UNIÓN PIÑEIRA DE GUILLÁN (Grupo de Gaitas)	G-94007911	225,00 €
29-06-0219	ASOCIACIÓN CULTURAL CANTAREIRAS BULIDEIRAS (Pandereteiras)	G-94093598	225,00 €
30-06-2019	ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL SAN PEDRO DE CORNAZO	G-94108933	225,00 €

Comunicaselle que as facturas deberán emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

### ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

#### PRP2019/835

Dáse conta do expediente tramitado para a adxudicación do contrato menor de obras denominado “Mellora de accesibilidade na Rúa Os Duráns”, e das ofertas presentadas, seguintes:

Licitador	Oferta económica (IVE excluído)
Bespi Construcciones SL	38.797,90 €
Construcciones Abal, SL	39.021,89 €
Planificación, Desarrollo y Gestión de Construcciones SA	39.197,88 €

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato menor de obras denominado “Mellora de accesibilidade na Rúa Os Duráns”, a **Bespi Construcciones SL** polo importe de 38.797,90 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE de 8.147,56 € (21%), o que totaliza un prezo de adxudicación de



46.945,46 €, (IVE incluído), financiado con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, con cargo á partida 1532.61900.

2.- Nomear director de Obra ao arquitecto municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña.  
POS17 (2) N° 01/01/18.

#### **PRP2019/921**

Dáse conta do expediente de contratación mediante procedemento Negociado sen publicidade e tramitación ordinaria licitado electronicamente para a “Adquisición de finca para a ampliación do Complexo Deportivo Municipal de Fontecarmoa” (Exp. 04/2018-e).

A Xunta de Goberno Local, vista a oferta presentada, acorda a adquisición da finca rexistral número 15703 do Rexistro da propiedade de Vilagarcía de Arousa, referencia catastral 8748995NH1184N0001EJ, para a ampliación do Complexo Deportivo Municipal de Fontecarmoa, a **D. Manuel Navia Paz, Dona María Luisa Rodríguez Lorenzo, D. José Chorén Cardalda e Dona Ana María Lago Navia**, polo prezo de 114.364,80 € (Imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas ITP – excluído), con cargo á partida 341.600. (Obra 2 nº 01/20/18).

### **ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

#### **PRP2019/922**

Préstase aprobación á Certificación nº 1 da obra *Reforma e humanización da Praza da Independencia e un tramo de San Roque*, subscrita polo Arquitecto Director da obra D. Leopoldo Ivorra Saenz-Diez e executada pola empresa **Montajes J.M. Iglesias SL**, cunha contía de 17.770,47 €, da que se acorda o recoñecemento de obrigación a favor do referido contratista, con cargo á partida 1530-6190017 .

#### **PRP2019/923**

Dáse conta da subsanación de deficiencias na conta xustificativa presentada pola **Fundación Galega contra o Narcotráfico** en base á Resolución da Alcaldía de 28 de decembro de 2018, onde quedaba condicionado o recoñecemento de obriga a dita subsanación.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a subsanación coa finalidade de que se proceda a facer efectivo o recoñecemento de obriga e orde de pago correspondente.

#### **PRP2019/924**

Dáse conta da subsanación de deficiencias na conta xustificativa presentada pola **Asociación Española contra el Cancer** en base á Resolución da Alcaldía de 28 de decembro de 2018, onde quedaba condicionado o recoñecemento de obriga a dita subsanación.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a subsanación coa finalidade de que se proceda a facer efectivo o recoñecemento de obriga e orde de pago correspondente.

#### **PRP2019/925**

Dáse conta da subsanación de deficiencias na conta xustificativa presentada pola **Fundación Asilo Hospitalillo** en base á Resolución da Alcaldía de 28 de decembro de 2018, onde quedaba condicionado o recoñecemento de obriga a dita subsanación.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a subsanación coa finalidade de que se proceda a facer efectivo o recoñecemento de obriga e orde de pago correspondente.



**PRP2019/926**

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes provedores, polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 77.563,12 €, con cargo ás partidas que se indican (Rel. F/2019/12):

Nº Rexistro Factura	Aplicac.	Importe	Nome Ter.	Texto Libre	Documento
F/2019/430	2019 338 22799	4.090,90	C&C CAMARERO & CUBO OCIO, S.L.	SESIONS ACTIVIDADES FEXTURRON ( ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS PARA O FEXTURRON NADAL 2018- 2019 Sesións de actividades desen	A 14
F/2019/430	2019 338 22799	859,09	C&C CAMARERO & CUBO OCIO, S.L.	SESIONS ACTIVIDADES FEXTURRON ( ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS PARA O FEXTURRON NADAL 2018- 2019 Sesións de actividades desen	A 14
F/2019/437	2019 135 22200	194,06	REDES DE TELECOM. GALEGAS, S.A.	60 Servizos RESGAL, outubro/novembro/décembro	A 2018/A/2181210 9
F/2019/443	2019 338 22699	27.929,64	ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L.	SUBMINISTRO (MEDIANTE ALUGUER) DE ELEMENTOS LUMINOSOS ORNAMENTAIS E CADROS ELÉCTRICOS, A MONTAXE, MANTEMENTO E DESMONTAX	A19- 9
F/2019/466	2019 9201 22706	8.095,08	BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING, S.L.	Ren.125 licencias Citrix Virtual Apps Advanced y 1 Citrix Gateway Enterprise VPX del 01/01/19 al 31/12/19	2019 0008
F/2019/491	2019 9201 22706	7.235,80	OZONA CONSULTING, S.L.	Renovación Servicio Asistencia Clientes y Bolsa de 50 créditos	FV 190043
F/2019/492	2019 9201 22706	4.815,80	OZONA CONSULTING, S.L.	Ren Mantenimiento FortiGate-140D 1 Year Unified (UTM) Protection (8x5 FortiCare plus Application Control, IPS, AV, Web F	FV 190042
F/2019/493	2019 9201 22706	1.040,60	OZONA CONSULTING, S.L.	Ren Basic Support Coverage Vmware vSphere 5 Essentials Plus Kit para 3 hosts Plataforma hardware.	FV 190041
F/2019/517	2019 920 213	169,88	INSERPYPE GLOBAL, S.A.	1 ( GENERICO CENTRALITA 12- CUOTA CORRESPONDIENTE A DICIEMBRE Presuposto aprobado na X.G.L. do 2-01-2018//OC:L01360600 //	Emit- 2
F/2019/518	2019 2311 213	31,11	INSERPYPE GLOBAL, S.A.	1 ( GENERICO CENTRALITA 12- CUOTA CORRESPONDIENTE A DICIEMBRE Presuposto aprobado na X.G.L. do 2-01-2018//OC:L01360600 //	Emit- 4
F/2019/519	2019 334 213	26,62	INSERPYPE GLOBAL, S.A.	1 ( GENERICO CENTRALITA 12- CUOTA CORRESPONDIENTE A DICIEMBRE Presuposto aprobado na X.G.L. do 2-01-2018//OC:L01360600 /	Emit- 3
F/2019/553	2019 9201 22706	3.000,07	SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L.	KASPERSKY ENDPOINT ( aprobado junta de goberno local del 26 de diciembre 2018 )	19000107 3
F/2019/565	2019 338 22199	95,00	PAPELERIA ARINES, C.B.	REGALOS PARA CARTEL Y ACCESIT GANADOR DA CABALGTA 2019. FESTAS POPULARES E FESTEXOS.	009/19
F/2019/651	2019 2313 48401	580,00	EMPRESA PEREIRA, S.L.	IMPORTE BONO BUS PENSIONISTAS MES DECEMBRO 2018(58 RECARGAS)	18- 812056
F/2019/687	2019 135 213	741,26	SALICRU, S.A.	CONTRATO MANTENIMIENTO SAI UPS-5000-NX - EMERXENCIAS	195000290
F/2019/688	2019 334 213	1.146,08	SALICRU, S.A.	CONTRATO MANTENIMIENTO SAI UPS-8000-NX/3 - AUDITORIO	195000292
F/2019/689	2019 2311 213	1.146,16	SALICRU, S.A.	CONTRATO MANTENIMIENTO SAI SLC-8000-TWIN/3 PRO - SPAD	195000291
F/2019/690	2019 920 213	1.131,35	SALICRU, S.A.	CONTRATO MANTENIMIENTO SAI SLC-10000-TWIN - SALA DE ORDENADORES	195000293
F/2019/691	2019 920 213	4.915,47	SALICRU, S.A.	CONTRATO MANTENIMIENTO SAI UPS-50-DL - CASA DO CONCELLO / CONTRATO MANTENIMIENTO SAI SLC-10000-TWIN - CASA DO	195000294





CONCELLO					
F/2019/739	2019 9201 22706	716,95	ABS INFORMATICA, S.L.	PRP 2018/5631 Mantenimiento aplicación ACUERDOS Y RESOLUCIONES WEB. Del 01/01/2019 al 30/06/2019.	MV 443
F/2019/755	2019 231 22643	140,00	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	SERVICIO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA CORRESPONDIENTE AL MES DE ENERO DE 2019	36060-2019-01-1-N
F/2019/791	2019 9201 22706	701,80	AYCO INTERNET, S.L.	Servicio de limpieza antispam/antivirus para los correos de VILAGARCIA.ES (Enero 2019- Diciembre 2019). (aprobado en X.G)	2019-VG 18595
F/2019/792	2019 9201 22706	574,75	AYCO INTERNET, S.L.	Sistema de Agenda compartida BDOutlook. 15 Licencias (aprobado en X.G.L. del 07/01/2019 y que está destinado al Departam	2019-VG- 18596
F/2019/793	2019 9201 22706	2.680,15	AYCO INTERNET, S.L.	Renovación del sistema de correo de 250 buzones y Albergue VILAGARCIA.ES, IVILAGARCIA.COM y VILAGARCIA.GAL en las condic	2019-VG- 18597
F/2019/794	2019 9201 22706	1.452,00	AYCO INTERNET, S.L.	Alojamiento, mantenimiento y funcionamiento de los sistemas web del Concello a través de los dominios VILAGARCIA.ES e IVI	2019-VG- 18598
F/2019/795	2019 9201 22706	1.573,00	AYCO INTERNET, S.L.	Alojamiento web multisite (Enero 2019- Diciembre 2019). (aprobado en X.G.L. del 07/01/2019 y que está destinado al Depar	2019-VG 18599
F/2019/879	2019 334 22609	302,50	GARCIA MAURICIO, RICARDO	ACTUACION ""CONVERSACIONES CON TANA"" NO SALON GARCIA O 25 DE XANEIRO CON MOTIVO DA PRESENTACION DA REVISTA ""ANACO"". CULTU	391
F/2019/983	2019 334 22631	2.178,00	LOBATO SANCHEZ, XURXO	ALUGUER DA EXPOSICION ""AIRIÑOS AIRES ROSALIA"" NA SALA ANTON RIVAS BRIONES. CULTURA.	03 / 2019
<b>TOTAL</b>		<b>77.563,12</b>			

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.